



**ANPA CEIP A Maía**  
Avda.Peregrina, s/n. 15220 Bertamiráns- AMES  
Teléfono: 696 482 275  
e-mail: [anpaceipamaia.ames@gmail.com](mailto:anpaceipamaia.ames@gmail.com)  
[www.anpa-maia.es](http://www.anpa-maia.es)



Subvencionada por: Concello de AMES



Deputación  
DA CORUÑA

Estimadas Familias:

Desde a ANPA queremos darvos a benvinda a un novo curso escolar no CEIP A MAIA , á vez que vos lembramos que estamos á vosa disposición para resolver dúbidas e axudarvos no que poidamos en beneficio da mellor educación dos nosos fillos/ as.

Información de interese:

### **Alta de socio/a da ANPA**

Deixaremos follas de inscrición na conserxería do colexio para os/as que queiran facerse socios da ANPA. Estas follas tamén estarán dispoñibles na nosa web. Animámosvos a facervos socios/as xa que isto nos permitirá ser mais fortes, plurais e representativos.

### **Alta en actividades**

Este ano solicitamos as instalacións do colexio para realizar actividades extraescolares o próximo curso, pero aínda non sabemos cales podremos levar a cabo. Estade atentos á nosa web [www.anpa-maia.es](http://www.anpa-maia.es), facebook <https://es-es.facebook.com/anpa.valdamaia> . A principios de curso, si as circunstancias o permiten, realizaremos unha reunión informativa.

Non é necesario ser socio da ANPA para poder anotarse ás actividades, pero as familias que non sexan socias terán que pagar matrícula.

### **Material educativo para alumnos/as de E.Infantil**

Existe a posibilidade de que os pais/nais compren o material necesario a partir dun listado que entregarán os/as titores/as ou que se pague unha cantidade (a través da ANPA) que os titores/as iran administrando segundo as necesidades de cada clase. Isto permite unha mellor xestión do material necesario. A dispoñibilidade desta segunda opción decidírase entre a ANPA e o centro a principio de curso.

### **Servizo de Cambiadores**

No curso 2019-20 estivo en funcionamento un servizo no que a ANPA coordinaba a un grupo de pais/nais interesados en contratar a unha persoa que se acercara ao centro cada vez que un neno/a necesitaba que se lle cambiara a roupa. Este servizo ofrecírase a principio de curso sempre que as condicións sanitarias o permitan.

Sen mais que informar, quedamos á vosa disposición a traves do medios que figuran no encabezado.

Saúdos,

A Directiva Anpa Ceip A Maía